

CELEBRACIÓN EN OS COTOS

21-22 de marzo do 2026

V DA CORESMA A



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDE DE BENVIDA

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

No final destas semanas de Coresma podemos xa mirar atrás e tentar descubrir que cousas na nosa vida, na vida do mundo e na vida da igrexa, quixemos arrincar. Podemos preguntarnos, se coma Cristo, coas nosas actitudes, palabras e feitos fomos capaces de ir dando vida á Pascua.

Cristo convidounos, na primeira semana, a remendar as tentacións do ter e aparentar coa irmandade e a paz, convidounos, na segunda semana, a remendar as comodidades e o non implicarnos co esforzo e a loita, convidounos, na terceira semana, a remendar as rutinas e as desganas co entusiasmo e as ganas de vivir, convidounos, fai oito días, a remendar os desprezos co agarimo e o respecto, e hoxe, na recta final da coresma, Cristo é para Lázaro e para nós, camiño-resurrección-vida dando unha man. Que máis se pode esperar?, o único que nos queda é facer Pascua con El.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Nestes momentos queremos aprezoar a vida para facelo mellor porque hai cousas que necesitamos cambiar. Confiando na man de Deus e na súa misericordia, pidamos perdón polas veces que a vida non vale nada porque as persoas non somos capaces de vivila en paz:*

Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogues por min a Deus, noso Pai.

Celebrante: *Deus Pai agarimoso ten piedade de nós, de todos os pobos que están sedentos de paz, e de todas as mulleres que están fartas de violencia. A todos, o Señor, nos concede o seu perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo doídos e enfadados con todas as persoas que matan a vida ao matar a paz.*

(Silenzo)

Celebrante:

Señor, noso Deus, o teu Fillo deu a vida demostrando que amar sempre vale a pena. Concédenos a graza de vivirmos con alegría no seu mesmo espírito de solidariedade, de xeito que os nosos pasos na terra dean froitos de paz porque iso é nin máis nin menos que dar froitos de vida eterna.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A Palavra de Deus que agora imos escoitar vainos axudar a entender a coresma como oportunidade de mellorar, porque hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida porque nos alonxan de Deus e dos demais.*

Alónxanos o non aprezoar a vida dos pobos que sofren abandonados na falta de paz

Alónxanos o non aprezoar a vida compartida como veciños facendo parroquia.

Escoitemos agora como a Palavra de Deus é unha palabra de vida no pobo e na persoa de Lázaro, un bo amigo de Xesús.

No Leccionario I– A páxina 77 Ez 37, 12-14 LECTURA

LECTURA DA PROFECÍA DE EZEQUIEL

Isto di o Señor:

- Velaí que eu vou abrir as vosas sepulturas,
e vouvos facer subir das vosas sepulturas, meu pobo,
e vouvos levar de novo á vosa terra.

Recoñeceredes que eu son o Señor,
cando eu abra as vosas sepulturas,
e cando vos faga subir das vosas sepulturas, meu pobo.

Vou poñer en vós o meu espírito
e vouvos facer revivir na vosa terra.

Así recoñeceredes que eu, o Señor, o digo e o fago
-é o Señor quen fala-.

Palabra do Señor

🎵 *nº 41 Quen nos vai separar de Ti*

SALMO

(en pé) No Lec I A páx 81 (breve) Xn 11, 1-45 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela as irmás Marta e María mandaron dicirlle a Xesús:

- Señor, mira que o teu amigo Lázaro está enfermo.

Ao oílo, dixo Xesús:

- Esta enfermidade non é para a morte, senón para a gloria de Deus, a fin de que por ela se glorifique o Fillo de Deus.

Xesús queríalles moito a María, a Marta, e máis a Lázaro. Anque oíu que este estaba enfermo, deixouse estar aínda por dous días no sitio onde se atopaba. Despois disto, díxolles ós discípulos:

- ¡Vaíamos outra vez á comarca da Xudea!

Cando chegou Xesús, atopouse con que Lázaro xa levaba catro días no sepulcro. Cando oíu Marta que Xesús estaba chegando, saíulle ao encontro. María, en cambio, quedou na casa. Díxolle entón Marta a Xesús:

- Señor, se ti estiveses aquí, meu irmán non morrería; pero eu sei que, aínda agora, Deus che concederá calquera cousa que lle pidas.

Xesús díxolle:

- Teu irmán resucitará.

Marta respondeulle:

- Ben sei que resucitará na resurrección, no día derradeiro.

Díxolle Xesús:

- Eu son a resurrección e a vida. Quen cre en min, anque morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais. Cres ti isto?

Ela respondeu:

- Si, Señor: eu creo que ti es o Cristo, o Fillo de Deus, que había de vir ao mundo.

A Xesús apretóuselle o corazón e, profundamente conmovido, preguntou:

- Onde o puxestes?

Contestáronlle:

- Señor, ven ver.

E Xesús botouse a chorar. Entón comentaban os xudeus: "¡Ai que ver como o quería!". Pero algúns deles dixeron: "E logo este, que deu vista aos ollos dun cego, non podía facer que non morrese?"

Xesús estremecéndose de novo, chegou á sepultura. Era unha cova, e tiña unha pedra por riba. Xesús dixo:

- Arredade a pedra.

Marta, a irmá do finado, díxolle:

- Señor, xa cheira, que leva catro días.

Xesús contestoulle:

- Non che dixen que se cres, verás a gloria de Deus?

Arredaron entón a pedra. Xesús ergueu os ollos e dixo:

- Meu Pai, douche grazas porque me escoitaches. Eu ben sabía que ti sempre me escoitas, pero díxeno pola xente que está aquí, para que crean que ti me mandaches.

E dito isto, gritou con voz forte:

- ¡Lázaro, ven para fóra!

Saíu o morto; tiña os pés e as mans atados con vendas e a cara envolta nun sudario. Xesús ordenoulles:

- Desenleádeo e deixádeo ir.

Entón, moitos dos xudeus que viñeran onda María, vendo o que fixo, creron nel.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Que nos propomos nesta Coresma con “dona coresma”?

Con ela seguimos descubrindo que hai cousas que necesitamos arrincar na nosa vida, porque non todo vale.

Xa lle temos arrincado a perna da tentación de ter e poder sobre os demais, a tentación do competir, xa lle temos arrincado tamén a perna do querer vivir comodamente sen implicarnos en nada, xa lle temos

arrincado a perna da desgana e a apatía, xa lle temos arrincado a perna do desprezo. Tamén xa lle temos cosido o remendo da IRMANDADE E PAZ, o remendo do ESFORZO E LOITA, o remendo do VIVIR CON GANAS e o remendo do AGARIMO E RESPECTO.

Hoxe arrincámoslle á nosa coresma outra perna. É a perna do vivir mortos, sen aprezoar a vida que nos rodea. (Arrincamos a perna da 5ª coresma).

Ao arrincar esta perna descubrimos unha maneira nova de vivir (collemos o “remendo” que está no sobre que vai pegado na perna que lle arrincamos á nosa “dona coresma”, colgamos a perna na pinza, e pegamos o remendo no mandil da vella).



Acabamos de remendar a vida da nosa dona coresma co DAR UNHA MAN.

Temos arrincado algo que nos sobra, o vivir coma se estivéramos mortos, e temos cosido un novo remendo, porque mellor irá a vida se a remendamos con DAR UNHA MAN.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial achegámonos a Deus porque **DÁ UNHA MAN** co seu amar de Pai, co seu corazón de Fillo, co seu alento de Espírito e vida. Compartímolo no credo dicindo: **SI CREMOS**

Monitor/a:

Cremos en Deus, Pai e Nai, que con misericordia nos acolle e nos perdoa, e nos axuda a arrincar o que sobra na nosa vida?

SI CREMOS

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido, que nos convida a ser alento de vida con todo o que de bo hai á nosa beira, berrando enfadados co que están a facer Trump e Netanyahu?

SI CREMOS

Credes no Espírito Santo, que nos alumea no corazón para acoller, aprezoar e dar vida co noso bo facer?

SI CREMOS

Credes na Igrexa, a comunidade que queremos vivir a **PASCUA** de Xesús, e por iso, coma con Lázaro, Marta e María deixamos que Xesús nos **DEA UNHA MAN** coa esperanza de resucitar con El?

SI CREMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Deus, Noso Pai, hoxe coas bágoas de Xesús pola morte do seu amigo Lázaro, amósasnos que o camiño ten que ser o da cercanía, o da solidariedade doída dando vida, por iso confiados a ti rezamos dicindo **PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS**

Monitor/a:

✓ Pola Igrexa, por OS COTOS, por cada parroquia, por cada cristián, para que vivamos a coresma como tempo de remendar con **DAR UNHA MAN**. Oremos

✓ Polas xentes e os pobos que o están pasando escandalosamente mal, feridos nunha violencia que nos ofende, nos enfada e non podemos entender. Oremos

✓ Polas persoas que melloran a vida compartindo bágoas e dando unha man, así dannos exemplo para nós facelo mellor á beira de quen sofre. Oremos

✓ Polas mulleres, para que nos esforzos e nas loitas pola igualdade, nos sintamos todos implicados. Oremos

✓ Por nós, que nestes días, da man de dona coresma queremos facelo mellor para chegar á Pascua arrincando da vida os medos da morte. Oremos

Celebrante: Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános unha man para arrincar o que está mal e así remendar para facelo mellor e chegar á Pascua. Pedímoscho por Cristo, noso Señor. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Agora, nós, como Marta e María, fiándonos de Xesús e sabendo que a súa vida valeu a pena, achegámonos ao Deus dos vivos e non dos mortos, e rezamos o que co mesmo Xesús aprendemos NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Porque moitas veces son os demais os que nos axudan a sentirnos cheos de vida, porque moitas veces é aos demais aos que queremos agasallar coa nosa vida, por iso agora somos quen de desexar o mellor dos soños, o da paz.*

Que nos será mellor: vivir no fracaso de saber da morte, ou na esperanza da Resurrección e a paz eterna?. Nós somos xentes de paz e de dar unha man.

COMUÑÓN

Celebrante: *Participar nesta celebración de hoxe é ter esperanza de vida, é estar dispostos a DAR UNHA MAN, é ilusionarnos por un mundo mellor con Xesús á nosa beira e da nosa parte. Ditosos nós por facer camiño de coresma e compartir este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 41** *Quen nos vai separar de Ti*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Señor, Noso Pai, seguros da túa bondade dámosche grazas porque ao compartir a vida do teu Fillo fasnos partícipes, xa nestes días, dos bens eternos do teu reino e cheos do teu Espírito somos quen de camiñar e DAR UNHA MAN na solidariedade doída.

Dámosche as grazas a Ti, que vives e reinas á nosa beira, por sempre eternamente. Amén

Coma Xesús queremos achegarnos ás Martas e Marías do noso mundo que sofren e se sinten doídas.

A nosa celebración quere ser tamén un remendo para vivir no día a día os pasos da coresma que nos achegan á PASCUA. Por iso cada quen pode levar para a casa o REMENDO de hoxe **DAR UNHA MAN**

(Repartimos os remendo para levalos para a casa)

Avísase das misas (ver folla do mes)



*Que teñamos un bo día,
unha boa semana,
unha boa coresma,
e o Señor nos bendiga †,
nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar
de vida eterna. Amén
Podémosos ir en paz.
Dámoslle grazas a Deus*